

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013618	CEIP de Figueiroa	A Estrada	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	5º Pri.	1	35

Réxime
Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

## 1. Introdución

A programación agora presentada sustentase no seguinte marco legal

¿ A Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito a unha educación integral e o dereito preferente das familias a elixir o tipo de educación que debe recibir os seus fillos (artigo 26). Estes dereitos e liberdades fundamentais figuran recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 (artigo 13) e na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000 (artigo 14)

¿ Na Convención sobre Os Dereitos do Neno, adoptada polas Nacións Unidas en 1989, recoñecendo así o interese superior do menor, o seu dereito a educación e a obriga que ten o Estado a asegurar o cumprimento efectivo dos dereitos. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español.

¿ Na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido a liberdade relixiosa (artigo 16) e no dereito a educación (artigo 27).

¿ Na Lei Orgánica 3/2020, do 1 de decembro, pola que modifícase a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación

¿ Pola Resolución do 21 de xuño do 2002, da Secretaría de Estado, pola que publícanse os currículos das ensinanzas de relixión católica correspondentes a Educación infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.

Coas midificacións introducidas pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, realózase unha nova distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, estrablecendo que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo, que constituén as ensinanzas mínimas. Esas ensinanzas mínimas requerirán o 50% dos horarios escolares para as comunidades autónomas que teñan lingua cooficial, como é o caso da Comunidade Autónoma de Galicia. As administracións educativas, a súa vez, serán responsables de establecer o currículo correspondente para o seu ámbito territorial, do que formarán parte os aspectos básicos. Finalmente, corresponderá aos centros docentes desenvolver e completar , de ser o caso, o currículo de cada etapa e ciclo no uso da súa autonomía, e talcomo recolle a propia Lei:

¿ Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación das ensinanzas mínimas de educación primaria.

¿ Decreto XX/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil, primaria, secundario aobrigatoria e bacherelato publicado no DOGA

Esa programación está amparase na Lei educativa vixente (LOMLOE), que determina os currículos que forman parte do currículo de Relixión Católica que a Conferencia Episcopal Española ten determinado. Esta configuración presenta os eeguintes elementos determinantes

### Perfil de saída

No novo modelo curricular, o perfil de saída do alumnado ao finalizar o ensino básico constitúese como a ferramenta que concreta os principios e fins do sistema educativo español.

O perfil de saída identifica e define, en conexión cos retos do s XXI, as competencias clave que se espera que as alumnas e alumnos desenvolverán ao completar a educación básica.

O perfil de saída defínese como o conxunto de competencias persoais, sociais e académicas indispensables para que os estudantes alcancen o seu desenvolvemento persoal, resolván de maneira ética, crítica e sostible situacions e problemas nos distintos ámbitos da vida, busquen e aproveiten oportunidades de mellora, desenvolvan a súa socialización, continúen o seu itinerario formativo e participen activamente na sociedade.

O perfil de saída do ensino básico concrétase na formulación dun conxunto de descriptores para cada unha das competencias clave:

CCL: Competencia en comunicación lingüística

CP: Competencia plurilingüe

STEM: Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería

CD: Competencia dixital

CPSAA: Competencia persoal, social e de aprender a aprender

CC: Competencia cidadá

CE: Competencia emprendedora

CCEC: Competencia en conciencia e expresións culturais

Os descriptores operativos definense como os desempeños propios de cada unha das competencias clave para a aprendizaxe permanente, que incorporan os coñecementos, as destrezas e as actitudes que o alumnado debería adquirir e desenvolver ao finalizar a ensinanza básica. Estes descriptores constituirán o marco referencial para a definición dos obxectivos da área de Relixión Católica identificando capacidades e os principais tipos de actuacións asociadas a elas que o alumnado debe poder despregar en situacions ou actividades organizadas en torno os contidos propios da materia de Relixión Católica.

Os descritores ao rematar 6º de educación primaria concibense como a concreación do grao de adquisición do perfil de saída que se espera conseguir ao completar a etapa de educación primaria.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída no artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, competencia plena sobre regulación e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

A estrutura e os elementos do currículo galego son.

Introducción: Da área de Relixión Católica

Obxectivos: Da área de Relixión Católica

Para cada curso no que se imparta, agrupados en bloques temáticos:

- Criterios de avaliación

- Contidos

Orientacións pedagoxicas da área de Relixión Católica

Este ano o CI do colexio fai referencia os Xogos Olímpicos polo que todas as actividades parten do desenvolvemento do mesmo

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos clave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3		1	1-4	1-2-5	2-3	2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	1-5	3	2-3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizánndoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		1-3	1	1-3-4	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgúns das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3	1	2-3	3	3		1-2-4

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecéndoas nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristian e doutras relixións, para favorecer o autocoñecemento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respeito entre as diferentes tradicións relixiosas.	1		1		1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		1-4	1	2-4-5	1-4	3	1

**Descripción:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesión</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
1	Cidade Biblia	Partindo da Biblia, os educandos exploran a dignidade humana, os Dereitos Humanos, os ODES e a DS1	30	10	X		
2	GPS	Os educandos exploran a figura de Xesús de Nazaret mediante o Evanxeo nas bienaventuranzas e o Reino de Deus	40	15		X	
3	Casa común	Comprender as consecuencias éticas e sociais nas accións individuais e sociais.	30	10			X

**3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas**

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
1	Cidade Biblia	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Tomando como base a dignidade do ser humano os educandos expoñen experiencias persoais de de aula con xuízo crítico e responsabilidade	PE	30
CA1.2 - Expressar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal reconhecendo, desde a visión cristiana, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Os educandos van aexpoiñar as consecuencias da singularidade das persoas, desenvolvendo a empatía e valorando a pluralidade	TI	70
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristian contribúe á construcción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Os educandos deben valorar o patrimonio relixioso cristian do Nadal e a construcción da identidade das persoas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacóns en diálogo coa mensaxe cristiana.</li> <li>- A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas.</li> <li>- Os dereitos humanos en diálogo coa visión cristiana.</li> <li>- Situacóns vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa.</li> <li>- Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividades, tradicións e celebracións relixiosas.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiana e cultura.</li> <li>- Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo.</li> <li>- Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións.</li> <li>- Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa.</li> <li>- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- A visión cristiana da interdependencia, eco-dependencia e interrelación.</li> <li>- Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiana.</li> <li>- Pensamento crítico e ético para a convivencia democrática.</li> <li>- Establecemento dun primeiro diálogo fe e ciencia, desde o respecto, a curiosidade e escóitaa.</li> <li>- Aprecio do diálogo intercultural e interrelijioso para unha convivencia pacífica e democrática.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	GPS	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais más vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Comprender Xesucristo de Nazaret cambiou a realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade	PE	40
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construcción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Comprender e valorar o patrimonio relixioso da Semana Santa e como contribúe a construcción da identidade das persoas por medio de distintos linguaxes	TI	60
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construcción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais da mensaxe de Xesucristo para o ben común		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividades, tradicións e celebracións relixiosas.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo.</li> <li>- Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións.</li> <li>- A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade.</li> <li>- A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas.</li> <li>- A paixón, morte e resurrección de Xesús e a celebración da Pascua na Igrexa.</li> <li>- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.</li> <li>- Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus.</li> <li>- Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá.</li> <li>- Pensamento crítico e ético para a convivencia democrática.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Casa común	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrindo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Os educandos debe coñecer biografias significativas e movementos soais que promovan unha ética cristiá na práctica das nosas contornas socais	PE	10
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coido do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Os educandos deben comprender as consecuencias da ética cristiá para a convivencia social		
CA1.6 - Cooperar activamente na construcción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común.	Os educandos deben poder poñen en práctica a ética cristiá en iniciativas e proxectos eclesiais		
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construcción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Os educandos deben coñecer o patrimonio relixioso da Estrada na propia vivencia persoal e social		
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	os educandos deben poder recoñecer as tradicións do contexto social da Estrada mediante o respecto mutuo	TI	90
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construcción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Asumir a interioridade n sistema de valores e crenzas, mediante a análise e reflexión de textos bíblicos		
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Os educandos deben poder recoñecer o desenvolvemento persoal e social respectando o patrimonio relixioso e o diálogo respectuoso interrelixioso		
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Coñecer, valorar e respectar o Credo poñendo o texto en correlacion con outras áreas do coñecemento científico		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacóns en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián.</li> <li>- A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá.</li> </ul>

## Contidos

- Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais.
- Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividades, tradicións e celebracións relixiosas.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo.
- Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións.
- O Credo da Igrexa católica.
- A vida cristiá e a celebración dos sacramentos.
- María, modelo de crente.
- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá.
- Compromiso e transformación social na acción da Igrexa.
- A responsabilidade e o respecto no uso dos medios de comunicación e as redes sociais.
- Pensamento crítico e ético para a convivencia democrática.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

#### PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Liña metodolóxica ¿ estilos docentes

A programación tende a propiciar un ensino baseado na comprensión, traballando de forma integrada procesos asociativos e construtivos, nun clima de aprendizaxe cooperativo no que a axuda didáctica vaise axustando as necesidades do proceso de construcción (atención a diversidade), tanto a nivel de desenvolvemento persoal como de preparación para a vida nun ambiente social de xeito autónomo, construtivo, crítico e coherente cos valores democráticos.

A programación ten como base unha metodoloxía estratéxica, na que se busca que os educandos traballen estratexicamente os procesos, para estimular a ZDP de xeito negociado, ofrecendo o principio máis axudas, para, posteriormente, ir retirándooas, na procura de un aprendizaxe autónomo e regulado, a través do que se acheguen as construcións do educando os significados do coñecemento escolar

É unha metodoloxía enfocada o descubrimento, a investigación, a deliberación, así como a globalización do coñecemento na procura de incentivar os procesos reflexivos favorecedoras do cambio conceptual. O mesmo tempo, buscarse estimular que os educandos coñezan cómo funciona o seu proceso de aprendizaxe, sendo capaces de planificalo e levar un control estratéxico do traballo, o que favorece a súa autonomía así como a posibilidade de que, paulatinamente, aprendan a aprender.

Principios de actuación

¿ Atención personalizada

¿ Traballo individual e cooperativo

¿ Deseño Universal de Aprendizaxe

¿ Situacións de aprendizaxe

¿ Aprendizaxe baseado en proxectos

¿ Aprendizaxe orientado a acción

¿ Avalación como proceso de ensino e aprendizaxe que permite a valoración dos aprendizaxes e o nivel de competencia adquirido, axudando a identificar as melloras do proceso de ensino

#### Principios de procedemento

- ¿ Espertar o interese dos educandos por aprender, o tomar conciencia de que actúan regulando a súa propia aprendizaxe de forma autónoma e non imposta. Elo vai facilitar a mellora do autoconcepto o topar sentido a aprendizaxe da materia e descubrir a importancia da implicación persoal para o seu desenvolvemento
- ¿ Traballar de forma continuada os procesos de transferencia no control da ZDP mediante a realización de aprendizaxes estratéxicos, de xeito que mediante o coñecemento compartido sexa posible adquirir un coñecemento profundo, autónomo e autorregulado, o que da acceso a desenvolver a competencia de aprender a aprender
- ¿ Partir do coñecemento experiencial previo, tanto o principio como durante o desenvolvemento do proceso das actividades, de modo que nos axude na construción dun coñecemento novo e sempre coa intención de modificalo e reformulalo, de on ser coherente co coñecemento escolar
- ¿ Plantexar actividades como desafíos, conflitos, problemas, tarefas abertas, etc nas que os educandos teñan que tomar decisións sobre como planificalas, supervisalas e controlalas, o que vai permitir o desenvolvemento das súas habilidades metacognitivas, básicas nun aprendizaxe autorregulado.
- ¿ Traballar de forma intencionada os distintos tipos de saberes básicos, de modo que sexa posible atoparles sentido e poder utilizarlos para a resolución de problemas reais (enfoque competencial)
- ¿ Insistir na importancia do establecemento de relacións consentes e reflexivas entre as aprendizaxes, sempre de xeito más organizada posible, utilizando estratexias adecuadas para lograr a comprensión
- ¿ Organizar contextos de aula que estimulen o traballo en equipo, mediante un discurso adecuado a realización de macroactividades, que incentiven aos educandos a contrastar o seu coñecemento experiencial implícito, co coñecemento escolar, de xeito que favoreza a súa reconstrución consente e comprensiva
- ¿ Propiciar un clima democrático de convivencia, respecto, responsabilidade e solidariedade, é dicir, un clima cooperativo de traballo e participación, nun contexto de escola inclusiva
- ¿ Estimular o debate crítico e aberto dos saberes básicos así como dos problemas para tomar conciencia da necesidade de transformar a realidade , dende a comprensión, desenvolvendo actitudes solidarias que acheguen a un coñecemento liberador, transformador e respectuoso co medio e coas persoas.
- ¿ Facer un bo uso das TIC,s sempre que contribúan o proceso de humanización, liberación e mellora da calidade de vida
- ¿ Poñer en marcha unha avaliación formativa que teña en conta as capacidades e o esforzo dos educandos, así como os cambios do seu coñecemento inicial
- ¿ Propiciar a autoavaliación das competencias para favorecer o desenvolvemento de estratexias de control e regulación da actividade

#### Orientación metodolóxicas para a avaliación

- ¿ Partir da experienza concreta do alumno e da alumna, e da súa realidade persoal, familiar e cultural
- ¿ Identificar e formular con pensamento autónomo os interrogantes e cuestiós que suscitan estas situacións
- ¿ Buscar e analizar e contrastar as experiencias e interrogantes con fontes bíblicas, o patrimonio artístico, e outras referencias eclesiásticas
- ¿ Elaborar respuestas persoais e sociais dende a liberdade individual con pleno respecto as ideas dos demais contrastadas cos principios éticos do cristianismo
- ¿ Dialogar con outras visións do mundo, para a construcción da convivencia e do ben común
- ¿ Comunicar con asertividade e empatía as ideas e crenzas propias utilizando a creatividade en diversos linguaxes
- ¿ Aplicar o proceso formativo na construcción da identidade persoal como preparación para a aprendizaxe para toda a vida

#### Situacións de aprendizaxe

Son un conxunto de tarefas relacionadas entre si con fin de facilitar a aprendizaxe a partir de experiencias vividas polos educandos. Tratase de recrear na aula situacións significativas e cotiáns do seu entorno persoal, familiar, social ou cultural, referidas a necesidades e intereses dos educandos nestas idades, para abordar os saberes básicos, os criterios de avaliación e as competencias específicas os que van vinculados.

Promoveranse situacións de aprendizaxe estimulantes e integradoras, contextualizadas e respectuosas co proceso de desenvolvemento integral dos educandos en todas as súas dimensións. Estas situacións presentaran retos ou problemas precisos con unha complexidade coherente co desenvolvemento do alumnado e cos saberes e competencias específicas da materia. A súa resolución implicará a realización de distintas actividades e mobilizará os aprendizaxes que buscan a creación de un produto ou a resolución dunha acción favorecendo a transferencia dos aprendizaxes adquiridos na área de Relixión a contextos da realidade cotiá do educando na función do seu proceso madurativo. Buscase contribuír o diálogo , o pensamento creativo e autónomo, así como a boa convivencia e respecto

a diferenza. Estas situacións de aprendizaxe terán en conta os centros de interese dos educandos e posibilitará a movilización coherente e eficaz dos distintos coñecementos, destrezas, actitudes e valores propias da área

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Encerado dixital
Material funxible diferente
Material TIC diferente
Materiaís impresos
Papel

Libreta A4 cuadriculada onde plasmar o traballo. Funciona como portafolios

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro establece que a avaliación dos aprendizaxes será continua e global, debendo ter en conta o progreso do alumnado no conxunto dos procesos de aprendizaxe. Na Orde do 25 de xaneiro de 2022 actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacherelato no sistema educativo de Galicia. No artigo 3.1 resalta que a avaliación ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado, e do exexcicio da práctica docente e no artigo 3.3 garante o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade.

Para garantir unha práctica que valore os procesos de aprendizaxe coherente marcada polo logro dunha serie de competencias e obxectivos é necesario coñecer estado inicial sobre o que irán operando os cambios producidos no propio proceso de ensino - prendizaxe.

O coñecemento dos niveís, características e necesidades dos educandos permite tomar decisións coherentes relativas a:

- A planificación e programación das actividades docentes
- A Adopción de medidas de atención a diversidade
- As metodoloxías a empregar

Tratase de decisións que afectan a todo o equipo docente como primeiro paso no proceso de avaliación continua e formativa a levar a cabo.

O proceso de avaliación inicial demanda a atención a posibles recursos e capacidades dos educandos que así como as posibles características presentadas.

É necesario analizar as expectativas e intereses, as potencialidades que posúen os educandos co fin de proporcionar unha adecuación adaptada a elas e eles.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>30</b>	<b>40</b>	<b>30</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	30	40	10	<b>28</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	70	60	90	<b>72</b>

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación son:

- 40% : O traballo e aproveitamento realizado na aula
- 30% : A realización de tarefas propostas
- 30% : O traballo realizado nos grupos

### Criterios de recuperación:

Con cada avaliação recuperase a seguinte. O remate do curso, de darse o caso de ter más de unha suspensa, pódese realizar un traballo da materia do curso a valorar ants do remate do tempo escolar, sempre que sexa axeitado

## 6. Medidas de atención á diversidade

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación busca unha educación baseada nos seguintes pilares:

- 1- A calidade da educación
- 2- A equidade
- 3- A atención a diversidade o longo de todas as etapas educativas

Na Educación Primaria:

- Establece a secuenciación por ciclos
- Establece explícitamente o fincapé en desenvolver todo tipo de intervencións didácticas que garantan a inclusión, a atención personalizada dos educandos e as súas necesidades de aprendizaxe, a participación e a convivencia
- A nivel metodolóxico e didáctico establece un tempo do horario lectivo para a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.3 - Comunicación audiovisual		X	X
ET.4 - Competencia dixital		X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espíritu científico e do emprendemento	X	X	X
ET.6 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X
ET.7 - Educación para o consu responsable e desenvolvemento sostible	X		
ET.8 - Educación para a saúde	X		X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Magosto	Coñecer os froitos do outono e adquirir bos hábitos alimenticios	X		
Samain	Coñecer a tradición galega do Samain	X		
Día universal da Infancia	Dar a coñecer os dereitos da infancia e concienciar ás persoas da importancia de traballar día a día polo seu bebestar e desenvolvemento	X		
Día internacional contra a violencia de xénero	Adquirir conciencia da que este tipo de violencia é máis común do que parece e promover o seu rechazo	X		
Conmemoración da Constitución e do Estatuto	Dar a coñecer a Constitución e o Estatuto e coñecer os costumes e tradicións da nosa comunidade	X		
Festival Nadal	Coñecer o Nadal como unha festividade cultural	X		
Día Escolar da Non Violencia e a Paz	Resaltar os principios democráticos de convivencia e exercicio responsable da liberdade		X	
Día de Rosalía	Profundizar na figura e obra desta galega universal		X	
Festival do Entroido	Coñecer as orixes desta festa		X	
Día Internacional da muller traballadora	Ampliar o coñecemento de mulleres relevantes na historia		X	
Semana da Prensa	Integrar os medios de comunicación nas aulas a través dunhas xornadas nas que os xornais terán un gran protagonismo nas aulas e se irmanarán cos libros co obxectivo de converterse nunha ferramenta máis no proxecto de aprendizaxe		X	

<b>Actividade</b>	<b>Descripción</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
Día Mundial da Saúde	Concienciar aos educandos sobre a importancia da preservación da saúde para ter unha mellor calidade de vida e potenciar a responsabilidade persoal de cada un de nós como mebros dunha comunidade para superar o COVID- 19		X	
Semana do Libro	Fomentar o gusto pola lectura e a escritura e posta en escea de contos			X
Día Internacional contra o Acoso Escolar	Concienciar aos educandos sobre o problema do acoso escolar que afecta a escolares de todo o mundo			X
Semana das Letras Galegas	Exaltar e promocionar a nosa literatura e a nosa lingua arredor da cal se celebran no noso país, e no extranxeiro, numerosas producións culturais de homenaxe a figura escollida (Ricardo Carballo Calero)			X
Convivencias do alumnado de Aula Específica do IES. Antón Losada (Localidade)	Interactuar con alumnado de similares características e que perteneceron ao noso centro educativo e ir anticipando o seu futuro. O mesmo tempo organizar actividades con educandos semellantes e favorecer a súa autonomía persoal.			X
Museos científicos (Visitamos os nosos museos)	Iniciarlos en actitudes de valoración e respecto cara o patrimonio artístico e cultural			X
Parlamento de Galicia	Coñecer de primeira man o funcionamento do Parlamento e da Xunta e comprender a separación de poderes propio das democracias			X

### **8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuaose o deseño das Unidades Didácticas as características e necesidades do alumnado
Cumpriuse a metodoloxía reflectida na programación.
Metodoloxía empregada
Fotocopias
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Uso de ferramentas TIC axeitado
Medidas de atención á diversidade
Leváronse medidas de atención a diversidade

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Aportouse información do persoal docente titor

**Descripción:**

Todos os indicadores grardan relación coas tarefas e metodoloxías plantexadas

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O preceso de ensino - aprendizaxe é contínuo polo o seguemento e propostas de mellora teñen moito que ver coas incidencias e obxectivos e competencias acadadas seguindo os procesos plantexados

**9. Outros apartados**